

Título	Que queremos ser de grandes?
Persoas	2 facilitadores/as
Obxectivos da sesión	<ul style="list-style-type: none"> • Ser conscientes das atribucións feitas en función do xénero, de como se interiorizan para convertelas en expectativas propias. • Tratar de potenciar a adquisición de capacidades, habilidades, coñecementos e destrezas, á marxe do xénero.
Enfoque	Introdución á temática da desigualdade de xénero a partir da posta en común de percepcións e expectativas existentes nos modelos que admiramos, tanto socialmente como no ámbito familiar ou privado.
Materiais	
Descrición	
Tempos	Paso a paso
5'	Introdución
5'	Pedímoslles a todas as mozas e mozos que escriban o que queren ser cando medren, coas razóns para esta escolla.
5'	Recollemos todos os papeis e, mentres se len, anotamos as profesións en dúas columnas no encerado: nenas e nenos.
15'	<p>Faise unha comparación entre unha columna e a outra.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Hai diferenzas entre o que seleccionaron os nenos e o que seleccionaron as nenas? • Por que escolleron esas profesións?
10'	Preguntámoslles cales das profesións que foron xurdindo non elixirían nunca. A reflexión parte de observar se escollen profesións da columna á que non pertencen (nena ou neno) e as razóns que expoñen para renunciar a profesións da columna oposta: por que nunca serían iso?
10'	<p>Reflexionamos sobre a existencia de profesións connotadas por xénero e reflexionamos sobre como se trata ás persoas que rompen os estereotipos.</p> <p>Reflexionamos sobre a valentía de tomar as túas propias decisións ou a conveniencia de facer o que mellor che aconsellen.</p> <p>Reflexionamos sobre as expectativas e as frustracións que xeran... en mulleres e homes.</p>
Fonte	http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/irisundi.pdf